

II SAFARI FOTOGRÁFICO “FONTÁN E CONTORNA”: BASES

·EDICIÓN 2014·

1.- OBXECTO

Por segundo ano consecutivo, a Plataforma en Defensa da Ría de Sada (de agora en adiante, a Plataforma) convoca un CONCURSO FOTOGRÁFICO baixo a denominación SAFARI FOTOGRÁFICO “FONTÁN E CONTORNA” con obxecto de aumentar a visibilidade da riqueza patrimonial e natural da contorna de Fontán afectada polo proxecto de enlace coa vía Ártabra.

POR QUE FONTÁN? Malia que a Ría de Sada e Betanzos abrangue varios concellos, esta Plataforma céntrase neste concurso no lugar de Fontán, tan ligado á nosa ría, porque podería verse afectado, así como a súa contorna, paisaxe de costa, por un proxecto viario que consideramos innecesario e destrutivo coa zona: o Vieiro de enlace coa vía Ártabra.

2. FOTOGRAFÍAS A CONCURSO

2.1 TEMÁTICA DAS FOTOGRAFÍAS

Será “Fontán e a súa contorna” (entendendo como tal o Monte do Pobre, Morazón e o porto), e toda fotografía que non se axuste á temática proposta non será tida en conta para o concurso. Acéptanse todo tipo de composicións (paisaxes, retratos de persoas, detalles...) e encadres dentro dese eido temático. Permítense retoques como corrección da exposición, cor ou b/n, mais exclúiranse engadidos artificiais como marcos, montaxes ou mensaxes de texto. Calquera outra dúbida sobre o retoque da obra que poida levar á súa descualificación será valorada polo xurado.

2.2. OBRA REQUERIDA

Solicitarémosvos o envío de entre unha e cinco fotografías (o número que desexedes).

2.3. DEREITOS

Non se aceptarán fotografías realizadas por persoas distintas á participante. A persoa participante manifesta e garante que é a única titular de todos os dereitos de autor sobre as fotografías que presente ao concurso e responsabilízase totalmente de que non existan dereitos de terceiros sobre as obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereito de imaxe.

2.4 USO DAS FOTOGRAFÍAS POR PARTE DA PLATAFORMA

A persoa participante acepta que as súas fotografías sexan visibles na páxina de Facebook da plataforma (<https://www.facebook.com/plataformaendefensadaria>) de forma anónima nos prazos nos que se desenrola o concurso (ata o día 27 de setembro de 2014 á hora prevista de entrega de premios). De aí en adiante procederemos a identificar como corresponde aos autores ou autoras das fotografías. Ademais, a participación supón a autorización expresa á plataforma para a publicación e

·EDICIÓN 2014·



utilización das fotografías presentadas en exposicións e/ou publicacións, ben sexa en soporte papel ou ben dixital polo período dun ano natural do 27 de setembro de 2014 ao 26 de setembro de 2015. Para posibles usos futuros requiriríamos o permiso d@s respectiv@s autor@s.

3. PARTICIPANTES.

3.1. CATEGORÍAS

Ábrense dúas categorías de participantes:

- ✚ Categoría A: Maiores de idade.
- ✚ Categoría B: Menores de idade.

3.2. INSCRICIÓN

A inscrición no safari fotográfico será de balde enviando un email a: <plataformadefensariadesada@gmail.com> facendo constar no asunto “safari” e no corpo da mensaxe os seguintes datos:

- Categoría A:

- ✚ Nome e apelidos
- ✚ DNI
- ✚ Teléfono de contacto
- ✚ Correo electrónico (se non se corresponde co da inscrición).

QUERES QUE TE INCLUAMOS NA NOSA LISTA DE CORREO? Faino constar tamén na mensaxe! Tras os datos persoais, pon: “Quero darme de alta na lista de novas” e incluiremos o teu correo electrónico na nosa lista para que poidas saber antes que ninguén información sobre as novas e actividades da plataforma.

- Categoría B:

- ✚ Nome e apelidos
- ✚ Idade
- ✚ Teléfono de contacto
- ✚ Correo electrónico (se non se corresponde co da inscrición).
- ✚ Nome e DNI do adulto responsable e relación co participante (nai, pai ou titor) por tratarse de menores de idade

NOTA INFORMATIVA: Os datos d@s participantes só serán tidos en conta á hora de identificar aos autores e autoras das fotografías e aos gañadores e gañadoras, e deses datos só será almacenado o correo electrónico e só en caso de que así o faga constar o/a participante afirmativamente para incluílo na nosa lista de correo.



4. PRAZOS A TER EN CONTA

4.1. PRAZO DE INSCRICIÓN E ENVÍO DE FOTOGRAFÍAS: a inscrición neste II safari realizarase simultaneamente xunto co envío de fotografías, e o prazo queda aberto dende o momento de publicación das bases a través do blog Sada Ártabra (<http://sadaartabra.wordpress.com/>) ou da páxina en Facebook da plataforma (<https://www.facebook.com/plataformaendefensadaria>) ao 27 de setembro.

4.2. DÍA PROPIO DO SAFARI: O 20 de setembro de 2014 organizaremos un roteiro polos arredores de Fontán para que poidades fotografar a nosa contorna, pero nesta convocatoria aceptaremos fotografías tomadas fóra desa xornada.

4.3. GAÑADORES E ENTREGA DE PREMIOS: O 27 de setembro de 2014 terá lugar a entrega de premios na cafetería Sada Coffe 7, acto que aproveitaremos para pechar a exposición de fotografías da 1ª edición deste concurso, e no que faremos públicos os nomes das persoas gañadoras. A hora concreta do acto publicitarase no blog Sada Ártabra ou na páxina en Facebook da plataforma e anunciarase por e-mail aos participantes.

5. CALENDARIO E DINÁMICA DO SAFARI

- DENDE QUE LEAS ISTO AO MÉRCORES 24 DE SETEMBRO: neste período deberás enviar as túas fotografías de forma conxunta coa inscrición no concurso, que poderás realizar no enderezo electrónico <plataformadefensariadesada@gmail.com>.

Por suposto, poden facerse tantas fotos como se desexe, pero prégase enviar un máximo de cinco por participante para evitar saturacións. Os títulos das fotografías deberán ir incluídos como título do documento ou ben no corpo da mensaxe onde consten os datos persoais.

Terás tempo para enviárnolas ao noso correo ata as oito da tarde. As que sexan enviadas con posterioridade non entrarán en concurso. Ese mesmo día, entre as 8 e as 12 da noite, a Plataforma colgará en internet as fotos participantes sen ningún dato persoal que revele a autoría na súa fanpage de Facebook e @s usuari@s poderán votar pola súa favorita, que levará un premio especial á marxe das elixidas polo xurado nas dúas categorías a concurso.

- SÁBADO 20 DE SETEMBRO: En consonancia co espírito dun verdadeiro Safari, o sábado 20 de setembro organizaremos un roteiro. A hora de quedada son ás dez e media (10:30) no porto, diante das escaleiras que suben á Rúa de Abaixo de Fontán. Sairemos sen máis agardar ás dez e corenta e cinco (10:45). Non é obrigatorio participar no roteiro, pero haberá un premio específico para as fotografías tomadas no seu transcurso. Estade pendentes do noso blog e a nosa páxina de Facebook porque neles concretaremos os detalles da xornada.

- 25 ou 26 de setembro: o xurado reunirse para elixir ás imaxes gañadoras dos dous apartados. Non aseguramos que haxa unha soa fotografía premiada por categoría.

- SÁBADO 27 de setembro: procederase á entrega de premios na cafetería Sada Coffee7.



6. PREMIOS

Concederanse 2 premios oficiais (elixidos polo Xurado). Os premios deberán ser entregados ao autor ou autora da fotografía gañadora ou, no seu caso, unha persoa que o represente mediante unha autorización asinada, debendo presentar en ambos casos o DNI facilitado á hora de inscribirse. De non asistir a persoa gañadora ou autorizada, os premios sortearanse entre @s participantes presentes no momento de entrega do premio, agás o diploma que será enviado vía electrónica ao seu xusto destinatario (ou destinataria).

- ✚ **Premio da categoría A:** cea para dous nun local de Fontán e a súa contorna a determinar por esta Plataforma e diploma. A cea poderá ser gozada ata o día 26 de outubro de 2014; a partir desa data o premio perderá a súa vixencia. Outros detalles confirmaráselle á persoa gañadora durante o acto de entrega de premios.
- ✚ **Premio da categoría B:** libro e diploma.

Así mesmo, os premios oficiais dunha categoría poderán declararse desertos unicamente no caso de existir menos de 3 participantes dentro dela.

Ademais, concederanse outros premios extraordinarios se así o xulga oportuno o xurado ou a xunta directiva da Plataforma reunida. Mantense o premio á imaxe que máis "Gústame" reciba en Facebook.

7. XURADO

O xurado estará composto por entre tres e cinco membros: un integrante da directiva da Plataforma, un experto en fotografía e entre un e tres veciños do lugar de Fontán. O xurado deberá reunirse ou comunicarse a través dos medios axeitados para valorar os gañadores das categorías A e B entre o xoves 25 e o venres 26 de setembro de 2014 na maneira que consideren máis oportuna, veredicto que fará público o sábado 27 de setembro polo menos un dos membros do xurado ou un membro da plataforma na súa representación durante o acto de entrega de premios.

8. CONFORMIDADE.

Tod@s @s participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade, así como a decisión do xurado para aqueles casos e dúbidas que non queden recollidas nelas.

QUERES AFILIARTE Á PLATAFORMA?: É moi sinxelo! Só tes que enviarnos un correo a <plataformadefensariadesada@gmail.com> ou inscribirte no desenrolo dalgunha das actividades que desenvolvemos. A cota xeral son 12 € ao ano (o que viría sendo 1€ ao mes), que se reduce á metade (6€ ao ano) para estudantes, desempregad@s ou maiores de 65 anos. Xa ves que non é moito, pero con pouco facemos moito! Como non aceptamos subvencións públicas, o 100% das nosas contribucións están formadas polos grans de area de persoas coma ti! Grazas a elas nace, entre outras actividades, este concurso de fotografía que premia o talento d@s nos@s artistas ao captar a beleza da nosa ría e a súa contorna!

